

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDAD DE SALAMANCA PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E MAIS A PROMOCIÓN DA LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

Santiago de Compostela/Salamanca,

REUNIDOS:

- José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27 de maio), no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e que actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.
- Doutra parte D. Juan Manuel Corchado Rodríguez, reitor magnífico da Universidade de Salamanca, con CIF Q3718001E, e enderezo en Patio de Escuelas s/n, código postal 37008, Salamanca (España), nomeado polo Acordo 27/2024, do 16 de maio, da Junta de Castilla y León ("*Boletín Oficial de Castilla y León*" de 17 de maio de 2024). Actúa en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiere o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e os estatutos da Universidad de Salamanca, aprobados polo Acordo 19/2003, do 30 de xaneiro, da Junta de Castilla y León (*BOCYL do 3 de febreiro*) e modificados polo Acordo 2/2005, do 13 de xaneiro (*BOCYL do 19 de xaneiro*) e polo Acordo 38/2011, do 5 de maio (*BOCYL do 11 de maio*).

Manifestan:

1. A Xunta de Galicia (en diante, Xunta), a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante, consellería), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como trazo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, recolle entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introducillo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura do presente convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade derívase da conxunción do obxecto do mesmo e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.
2. A Universidad de Salamanca (en diante, universidade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial e o único que dispón da infraestrutura material e persoal axeitados para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40

exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrencia en convocatoria pública.

3. A universidade, que declara cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 1993, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, literatura e cultura galegas aos plans de estudo da universidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidad de Salamanca para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, literatura e cultura galegas non só no ámbito académico da universidade senón tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido nos acordos segundo e terceiro.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrencia pública, xa que a Universidad de Salamanca é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e ademais a sinatura do convenio atópase dentro do vixente "Plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega", elaborado pola devandita secretaría xeral para o ano 2025.

Segundo.- Compromisos da Universidade

A) Darlle continuidade aos estudos da lingua, literatura e cultura galegas de acordo cos plans de estudos do Departamento de Filología Moderna (Área de Filoloxías Gallega y Portuguesa).

Neste sentido, ofertaranse as seguintes materias:

- **102830 Historia e cultura galegas:** 6 créditos, 4 horas semanais, cuadrimestral, obrigatoria de 3º/4º do Grao en Estudos Portugueses e Brasileiros.
- **103373 Segunda Lingua I: Galego:** 6 créditos, 4 horas semanais, cuadrimestral, optativa de segundas linguas de todos os graos.
- **103374 Segunda Lingua II: Galego:** 6 créditos, 4 horas semanais, cuadrimestral, optativa de segundas linguas de todos os graos.

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40

- **103375 Segunda Lingua III: Galego:** 6 créditos, 4 horas semanais, cuatrimestral, optativa de segundas linguas de todos os graos.
- **103376 Segunda Lengua IV: Gallego (Literatura):** 2 créditos, 2 horas semanais, optativa de segundas linguas de todos os graos.
- **103455 Tercera lingua: gallego I:** 3 créditos, 2 horas semanais, cuatrimestral, optativa no primeiro ciclo de todos os graos.
- **103479 Tercera lingua: gallego II:** 3 créditos, 2 horas semanais, cuatrimestral, optativa no primeiro ciclo de todos os graos.

B) Organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, literatura e cultura galegas, tales como: cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou calquera outro elemento con fins publicitarios que se empreguen para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos recollidos neste convenio. Neste último caso, a universidade deberá remitirle á consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en adiante, SXL), unha decena de exemplares.

C) Manter, durante a vixencia deste convenio, a contratación, integración no seu cadro de persoal coa categoría de profesor/a visitante lector/a de lingua moderna e a retribución dun/ha profesor/a visitante lector/a de lingua, literatura e cultura galegas coa suficiente e adecuada acreditación académica de acordo coa normativa vixente da Universidade de Salamanca.

D) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A) e B) deste acordo segundo.

A persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, en colaboración co profesor ou coa profesora visitante lector/a, incluírá na memoria de actuación recollida no acordo quinto, unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista no presente convenio.

E) Presentar, no momento previo á sinatura do convenio e antes de cada un dos pagamentos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a que fai referencia o artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para que solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se poñan expresamente á citada consulta.

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40



Terceiro.- Compromisos da Consellería

A consellería, a través da SXL, comprométese a colaborar coa universidade na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

- A)** Prestaralle a orientación e o apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A) do acordo anterior.
- B)** Daralle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B) do acordo anterior.
- C)** Con base nos principios xerais que rexen as relacións entre as administracións públicas, consagrados nos artigos 3.1 e 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, prestaralle, se así o demanda a universidade, a súa cooperación e colaboración na xestión administrativa da convocatoria que teña por obxecto a selección do profesor/a visitante lector ou lectora referido na alínea C) do acordo segundo, tendo en conta que os centros de ensino de nivel superior onde se imparten as titulacións conducentes a conseguir a suficiente e adecuada acreditación académica para optar á praza de lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas atópanse en Galicia.

Esta colaboración consistirá na publicación no Diario Oficial de Galicia das bases da convocatoria, ás que tamén se lles dará a adecuada difusión pública polos medios que se estimen pertinentes, e no apoio administrativo e asesoramento técnico solicitado. Así mesmo, esta colaboración comprenderá todos os trámites administrativos relativos á recepción de solicitudes de candidaturas, incluído a documentación oportuna. Estas solicitudes adecuaranse ao modelo de currículo e á normativa da Universidade de Salamanca. Unha vez completados estes trámites, as solicitudes admitidas e a súa documentación remitiranse á Universidade de Salamanca.

En calquera caso, a adxudicación da praza de profesor/a visitante lector ou lectora será competencia exclusiva da universidade, limitándose a consellería a colaborar na difusión pública da dita convocatoria e a recepción e tramitación das solicitudes correspondentes. Para a valoración dos méritos dos solicitantes, que realizará a Universidade de Salamanca, utilizarase o baremo de profesor substituto actualmente vixente na Universidade de Salamanca .

O profesor/a visitante lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas adxudicatario non poderá ostentar esta condición máis de 2 anos de acordo coa normativa vixente na Universidade de Salamanca. Realízase unha nova convocatoria de recepción de solicitudes co tempo suficiente para que, unha vez finalizado este periodo, se poida contratar un novo profesor ou profesora visitante lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas ata a finalización da vixencia deste convenio. En caso de prórroga ou renovación deste convenio, o novo u nova profesor/a visitante lector/a poderá prolongar o seu contrato ata chegar ao máximo de dous anos, tal e como se recolle na normativa vixente da Universidade de Salamanca.

O profesor/a visitante lector/a, baixo a dirección da persoa responsable dos estudos de galego na área de Filoloxía Galega e Portuguesa, en permanente coordinación e colaboración con este e como complemento práctico ao seu programa de formación, atenderá as demandas da universidade en relación cos compromisos adquiridos pola consellería nas alíneas A) e B) deste

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40



acordo, e desenvolverá actividades titorizadas relacionadas co disposto nas alíneas A) e B) do acordo segundo.

D) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades desenvolvidas pola universidade en aplicación deste convenio, a través da súa páxina web oficial, notas de prensa e calquera outra que estime adecuada á actividade desenvolvida.

Cuarto.- Financiamento

A consellería, a través da SXL, colaborará na realización das accións previstas nos acordos deste convenio cunha contribución económica máxima de **setenta e tres mil cincocentos euros (73.500 €)**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.781.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

- 2025: un máximo de **seis mil cento vinte e cinco euros (6.125 €)**
- 2026: un máximo de **vinte e catro mil cincocentos euros (24.500 €)**
- 2027: un máximo de **vinte e catro mil cincocentos euros (24.500 €)**
- 2028: un máximo de **dezaoito mil trescentos setenta e cinco euros (18.375 €)**

A universidade poderá xustificar respecto de cada anualidade, ata un máximo do 90% con retribucións ao lector/a, cargas sociais incluídas, e o 10% restante cos gastos que se deriven da aplicación dos acordos deste convenio.

O libramento destes importes a favor da universidade, poderase realizar nunha soa entrega en cada anualidade, logo de que se presente a documentación requirida para efectuar os pagos anuais e final, ou aplicando o seguinte procedemento:

- Un anticipo, equivalente ao 50% da cantidade máxima prevista para cada exercicio económico, cando se cumpran os seguintes requisitos:

-Que o convenio estea asinado e en vigor.

-Que a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á consellería, a través da SXL, unha programación, que conte coa conformidade desta, coas actividades previstas para o ano correspondente. Esta programación deberá estar asinada pola persoa responsable e polo lector ou lectora.

Os pagos anticipados das anualidades dos anos 2026, 2027 e 2028 soamente poderán ter lugar logo da completa xustificación das anualidades precedentes por parte da entidade beneficiaria.

Para os efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65º.4 do Decreto 11/2009, a universidade queda exonerada da constitución de garantía a efectos dos anticipos e dos pagos a conta.

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40



• Un pagamento a conta, polo restante 50%, unha vez que a universidade lle remita á consellería, a través da SXL, coa data límite do 20 de decembro dos anos 2025, 2026 e 2027, a seguinte documentación:

- A conta xustificativa a que se refire o acordo quinto.
 - Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
- Un pago final correspondente ao ano 2028 na que a presentación da citada documentación deberá remitirse antes do 20 de setembro.

Quinto.- Xustificación da subvención

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente, na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-cidada>.

Antes do remate de cada unha das anualidades dos anos 2025, 2026 e 2027 coa data límite de 20 de decembro e do 20 de setembro para o ano 2028, a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, ou persoa autorizada, remitiralle á consellería, a través da SXL, a conta xustificativa, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio, que abranguerá o período correspondente ao curso académico. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso.
- Unha certificación expedida pola persoa responsable do Centro de Estudos Galegos ou pola persoa titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da totalidade da subvención anual na realización das devanditas accións e o pagamento efectivo destes investimentos.

A maiores, esta certificación incluirá a seguinte información:

- O importe da subvención anual previsto neste convenio.
- Se é o caso, o importe e a procedencia dos fondos complementarios a que se refire o acordo décimo segundo.
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos na que se identifique o acredor e se recolla o documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e a de pagamento.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos, etc.) e dos pagamentos.

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40



Se, por calquera circunstancia, a universidade incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixirase o reintegro das cantidades percibidas e o xuro de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención contemplada no convenio, a consellería, a través da SXL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de xeito que, por si só ou, de ser o caso, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada. En ningún caso se poderá incorporar ao exercicio seguinte o importe da subvención que non se xustifícase.

Sexto.- Centro de Estudos Galegos

Dentro da universidade, a Área de Filoloxía Galega e Portuguesa (Centro de Estudos Galegos) será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsable do mesmo figurará o profesor Pedro Emanuel Rosa Grincho-Serra quen, dada a súa vinculación coa universidade, actuará como persoa de enlace entre esta e a consellería, a través da SXL. Responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos recollidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, se estean a producir.

Se por calquera causa fose preciso substituír a persoa responsable da área de Filoloxía Galega e Portuguesa (Centro de Estudos Galegos), a universidade proporalle á consellería, a través da SXL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte deste, e esta comunicará a súa conformidade ou non co devandito nomeamento.

Sétimo.- Control

Os servizos técnicos da consellería, a través da SXL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determinou a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a axeitada xustificación desta. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a universidade a corrixir os defectos sinalados, considerarase que houbo incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no acordo noveno.

A consellería, a través da SXL, reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a universidade está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, no seu caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación do convenio.

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40

Oitavo.- Vixencia

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data da súa sinatura e o 30 de setembro de 2028. En todo caso, os efectos económicos consideraranse desde o 1 de outubro de 2025 e non é posible a súa prórroga.

Noveno.- Causas de resolución e modificación

9.1 Causas de resolución

O convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Por mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.

En calquera caso, agás no suposto de que se produza o mutuo acordo das partes, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia, mediante comunicación escrita e fidedigna, por algunha das partes, formulada, polo menos, cun mes de antelación.

De resolverse o convenio, a consellería, a través da SXL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e máis os correspondentes xuros.

9.2 Causas de modificación

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

Non obstante, en ningún caso os ingresos, axudas ou subvención percibidas poderán superar o custo das actividades subvencionadas.

Décimo.- Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica ningún tipo de relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade -nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria- polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40

Décimo primeiro.- Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre os/as titulares das partes asinantes ou pola Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da consellería, nomeados polo/a seu/súa titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da universidade, nomeados polo/a reitor/a. De non chegar a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa quen resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

Décimo segundo.- Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Con todo, en ningún caso os ingresos, axudas ou subvención percibidas poderán superar o custo das actividades subvencionadas.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, solicitados ás distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte da universidade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao devandito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A universidade deberá cumprir cos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, ao asinaren este convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións que nel se recollan poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo cuarto.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40



Na aplicación deste convenio respectaranse as esixencias que establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinto. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán as esixencias establecidas na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei].

Décimo sexto.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétimo.- Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable ao presente convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40



medidas tributarias e de réxime administrativo e coa exclusión dos artigos 78 e 79 e da disposición adicional cuarta expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; e o Decreto 146/2024, do 20 de maio (DOG nº 101, do 27 de maio), no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Ambas as partes manifestan estaren de acordo, asinan catro exemplares deste convenio, dous en idioma galego e dous en idioma castelán, todos eles con idéntica validez, no lugar e data arriba indicados.

**O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude**

**O reitor da Universidad
de Salamanca**

José López Campos

Juan Manuel Corchado Rodríguez

ID DOCUMENTO: CwpgVKpVzR
Verificación código: <https://sede.usal.es/verifica>



CVE: amp1evHvTcy9 Verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>

FIRMADO POR	FECHA FIRMA
CORCHADO RODRÍGUEZ JUAN MANUEL	29-10-2025 08:50:40

